

Autor e ilustrador: **FERNANDO KRAHN**

Encadernado en cartón


36 páxinas a todo color. 22x22 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "Pegadas xigantes"
Demademora. ISBN 978-84-8464-615-0
- Castelán: "Huellas gigantes"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-54-3
- Catalán: "Petjades gegants"
Llibres per a somniar. ISBN 978-84-8464-616-7

Prezo: 13 €

PEGADAS XIGANTES



Unha fría mañá de domingo mamá Úrsula puxo ao forno un pan de cereais, e o seu delicioso arrecendo fixo erguer, moi ledos, ao resto da familia. De súpeto, o tranquilo almorzo foi interrompido por un extraño renxido na neve...

Nesta obra distínguese a actitude coa que nenos e adultos reaccionan ante o descoñecido: os maiores, con temor e desconfianza; os cativos, con curiosidade e inocencia.

Unhas pegadas xigantescas representan unha ameaza para as familias do val: ninguén sabe identificar a súa procedencia. Uns rapaces cometeran a imprudencia de saír da casa sen o permiso dos seus pais e os veciños súmanse á busca do monstro que os pode ter retidos.

Este álbum de Fernando Krahn transmítenos unha dobre mensaxe: os adultos prexulgan, antepoñen o seu rexeitamento fronte aquilo que ignoran, mentres que os protagonistas deste relato ven oportunidades para coñecer, aprender e facer novos amigos.

Krahn lévanos por unha paisaxe de ensoño, na que a natureza xoga un papel destacado. As súas ilustracións transportan ao lector dende o calor do fogar ata o frío da montaña. Esa sensación de presenza e de arela dun mundo mellor é a que captou o dramaturgo e guionista estadounidense Arthur Miller -amigo persoal de Krahn- na carta que lle enviou ao autor logo de ler o relato, e que se reproduce neste libro.

FERNANDO KRAHN (Chile, 1935-Sitges, 2010)

Un dos máis grandes mestres internacionais do humor gráfico. Caricaturista, ilustrador, fotógrafo, viviu en Chile e Nova Iorque (1963-68). Dende o golpe de estado no seu país, en 1973, instalárase en Sitges. Colaborou con revistas e xornais de todo o mundo: The New Yorker, Herald Tribune (USA), Die Zeit, Stern (Alemania), La Repubblica (Italia), La Vanguardia e El País.

Publicou máis de 30 libros para nenos en Estados Unidos, máis dunha vintena en España, ademais de coleccións de caricaturas en varios países; realizou series de debuxos animados para televisión. O seu traballo foi recompilado nos principais museos de tiras cómicas e caricaturas (Barcelona, Basilea, Santiago).

Fernando Krahn seguiu unha tendencia que nos revela temas cotiás cultivando unha liña crónica do humor negro, a crítica social, mesturando temas sobre a ciencia, a ciencia ficción e as traxedias do noso tempo. Realiza cadros que reflicten unha realidade habitual combinando o trágico, o cómico, o irónico e o absurdo.

- **Temática:** a distinta reacción de nenos e adultos ante o descoñecido
- **Idade recomendada:** dende 4 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións realistas que transmiten sensacións máis aló da imaxe; contén unha carta asinada por Arthur Miller en 1977 eloxiando a obra e os valores que transmite. Outros libros de Krahn: "Hilderita e Maximiliano" (KALANDRAKA)
- **Aplicacións:** para identificar animais coas pegadas que lles corresponden ou xogar a crear animais imaxinarios

